


Actividades Tema 5. Actividades Reino Protista

1. Completa a táboa coas características dos protozoos.

Tipo de célula	Unicelular / Pluricelular	Nutrición	Reprodución

2. Os protozoos son organismos con células eucariotas de tipo animal. As partes máis importantes destas células son o núcleo, o citoplasma, a membrana celular e os orgánulos. Sinala esas partes neste protozoo:



3. Relaciona cada grupo de protozoos coa forma de desprazarse.

Rizópodos	Teñen un único filamento que moven a xeito de látego.
Ciliados	Teñen na súa superficie pequenos filamentos móbiles
Esporozoo	Desprázanse ou capturan o alimento mediante prolongacións do citoplasma chamadas pseudópodos.
Flaxelados	Carecen de estruturas de desprazamento.

4. Rodea as afirmacións correctas sobre as algas:

- a) As súas células son procariotas.
- b) Son organismos heterótrofos.
- c) As súas células son eucariotas.
- d) Son organismos autótrofos.
- e) Sempre son unicelulares.
- f) Viven en medios acuáticos.

5. Completa a táboa coas semellanzas e as diferenzas entre os protozoos e as algas.

Só nos protozoos	Protozoos e algas	Só nas algas

6. Indica que cores poden ter as algas pluricelulares e explica a que se deben.

7. Crucigrama

VERTICAL

1. Estruturas semellantes a follas que posúen as algas pluricelulares.
2. Orgánulos que conteñen a clorofila.
3. Exemplo de alga unicelular.
5. Substancia que se extrae das algas e se utiliza como espesante alimentario e como medio de cultivo nos laboratorios.

HORIZONTAL

4. Pigmento que lles proporciona a cor ás algas verdes.
6. Tipo de nutrición que posúen as algas.
7. Tipos de algas que conteñen pigmentos alaranxados.
8. Proceso polo que as algas sintetizan a súa propia materia orgánica.

